

DECRETO

Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez

Instruído expediente relativo a:

ASUNTO; APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Correo electrónico enviado dende a FEGAMP e reenviado a este Servizo de Fomento o día 18 de marzo de 2025 no que se dá conta do Convenio de colaboración, asinado o día 4 de marzo de 2025, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespas asiática (vespa velutina) no ano 2025.

2.- A cláusula terceira do dito convenio establece:

“Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral de todas as entidades locais galegas, que manifestaron a súa vontade de manterse adheridas no ano 2025, coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo tamén repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

Todas entidades locais galegas, que se relacionan no Anexo I, deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do protocolo do Anexo II no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.”

3.- Informe favorable do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, do día 01/04/2025 do seguinte teor literal: **MEMORIA SOBRE VIABILIDADE E OPORTUNIDADE PARA A ADHESIÓN AO CONVENIO FRONTE A VESPA VELUTINA.**

1. NECESIDADE DE SUBSCRIBIR A ADHESIÓN AO CONVENIO E A OPORTUNIDADE DE FACELO NESTE MOMENTO

Redáctase a presente memoria en relación coa viabilidade e oportunidade da adhesión do Excmo. Concello de Lugo ao convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina).

De acordo co citado convenio, e en concreto, coa Cláusula Sétima, dentro do Capítulo Segundo de "Obrigas da comunidade autónoma de Galicia", coa Cláusula Oitaba, dentro do Capítulo Terceiro de "Obrigas das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran" e coa Cláusula Novena, dentro do Capítulo Cuarto de "Obrigas da FEGAMP", será a Xunta de Galicia, a través da Empresa Publica de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA), quen se faga cargo do programa de vixilancia e control de avespa asiática, encargándose da retirada e destrución dos niños desta especie dentro dos municipios adheridos ao convenio, coa colaboración, cando así sexa preciso e a requirimento da Xunta de Galicia, dos municipios adheridos.

Nos anos 2023 e 2024, unha elevada porcentaxe dos niños detectados no municipio de Lugo, foron atendidos pola Empresa Publica de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA), o cal permitiu reducir considerablemente as actuacións do SPEIS de Lugo en relación a este tipo de incidencias, e aumentar a súa dispoñibilidade para levar a cabo outros labores de emerxencia, imprescindibles para garantir a seguridade e protección das persoas, animais e bens dentro da súa área de competencia.

Por este motivo, e tendo en conta os recursos do Concello de Lugo, tanto materiais como humanos, RECOMÉNDASE A ADHESIÓN do Excmo. Concello de Lugo ao citado convenio, posto que o servizo non podería asumir con medios propios a totalidade de incidencias rexistradas no seu termo municipal.

Doutra banda, a colaboración do SPEIS de Lugo (ou servizo municipal que se determine), axustarase ao establecido coa Cláusula Oitaba, dentro do Capítulo Terceiro do Convenio de "Obrigas das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran".

2. . ÁMBITO COMPETENCIAL

Conforme cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen que contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concurrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

3. IMPACTO ECONÓMICO

En canto á viabilidade económica cabe salientar que, para poder levar a cabo as intervencións neste tipo de emerxencias, o SPEIS de Lugo (ou servizo municipal que se determine) deberá de dispoñer da seguinte consignación económica:

Avaliación dos custos de reposición de Equipos de Protección Individual, consumibles e formación que a adhesión supón para o Concello:

Equipos:

- Material de extracción de niños, tales como pértigas, cestas, cuchillas, etc.
1.200,00 €
- Traxes especiais de protección para retirada de niños de vespa velutina.
3.000,00 €

Consumibles:

- Insecticida específico para vespa asiática. 2.500 €

Formación:

- Formación específica para o persoal do SPEIS (ou servizo municipal que se determine) en relación ás medidas de seguridade, uso de equipos de protección individual e material empregado, así como na seguridade no uso de insecticidas.
700 €

TOTAL: 7.400 € (sen IVE)

4. CARÁCTER NON CONTRACTUAL DA ACTIVIDADE

A adhesión ao convenio non ten carácter contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do mesmo e en ningún caso existirá contraprestación económica entre as partes, senón a participación de ambas as dúas nun fin/interese común.

5. - CUMPRIMENTO DA LEI

Este convenio cumpre cos requisitos esixidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contemplados nos artigos 47 e seguintes.

FOMENTO

MJL/ipg

Refº: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

E para que conste para os efectos oportunos, asina dixitalmente a presente na data indicada

O Xefe do Servizo de Medio Ambiente"

4.- Acordo da Xunta de Goberno Local, número 2/111, do día 26-03-2025, no que se acorda, entre outros:

" PRIMEIRO.- Delegar no ALCALDE PRESIDENTE, titular da ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA, as competencias para a adopción e resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativo relativo á adhesión ao "CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025"...."

5.- Informe Proposta do Servizo de Fomento do día 1 de abril de 2025 que consta no expediente e que se somete aos correspondentes informes preceptivos de asesoría xurídica e intervención municipal.

6.- Informe de Asesoría Xurídica do día 01-04-2025, no que se conclúe:

"....Segundo.- Sobre a proposta de adhesión ao convenio de colaboración.

O obxecto do convenio ao que se propón a adhesión é establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2025 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos. O convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

Para evitar reiteracións innecesarias emítase o presente informe para facer constar a conformidade da Asesoría Xurídica co informe proposta emitido polo Servizo Municipal de Fomento o día 1 de abril de 2025, que consta no expediente, recolle a normativa de aplicación e, a xuízo do que subscribe, resulta adecuado a Dereito en termos xerais. É todo canto procede informar. O XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA."

7.- Consta no expediente documento contable RC número 18897/2025, do día 01/04/2025, partida orzamentaria Cl. Funcional 17000 Cl. Económica 22706, Importe 8.954,00 Eur.

8.- Informe de Intervención Municipal do día 02/04/2025, no que se conclúe:

Resultado da Fiscalización Previa Limitada

PROCEDE A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE, en base aos informes obrantes no expediente que conclúen o seu carácter favorable.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. LRXSP.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 2 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime Local establece: *“Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, ás Provincias e ás Illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estricta suxeición á normativa de estabilidade presupostaría e sostibilidade financeira.”*

SEGUNDA.- Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que *“As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizados dos procedementos administrativos ou engadidos neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin”.*

TERCEIRA.- De igual xeito, o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

CUARTA.- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, consonte a definición e tipos de convenios, o seu artigo 47.2 establece:

"2. Los convenios que suscriban las Administraciones Públicas, los organismos públicos y las entidades de derecho público vinculados o dependientes y las Universidades públicas, deberán corresponder a alguno de los siguientes tipos:

.....

c) Convenios firmados entre una Administración Pública u organismo o entidad de derecho público y un sujeto de Derecho privado."

Do mesmo xeito en canto ó contido dos convenios o artigo 49 da devandita Lei, pronúnciase sobre os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior (*Artigo 48.1: As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas o dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda supoñer cesión da titularidade da competencia*), deberán incluír, ao menos, as seguintes materias:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao presuposto correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria.
- e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos firmantes.

g) O réxime de modificación do convenio. A falla de regulación expresa a modificación o contido do convenio requirirá acordo unánime dos firmantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1º. Os convenios deberán de ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.

2º. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción.".

Por todo elo, enténdese que o convenio obxecto da tramitación de súa adhesión por parte do Concello, contén as materias referidas.

QUINTA.- O artigo 6.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, en relación aos "Convenios e encomendas de xestión" sinala expresamente os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, estarán excluídos do ámbito da presente Lei sempre que o seu contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou nas normas administrativas especiais.

SEXTA.- Os concellos son entidades locais básicas con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, segundo o artigo 11 da referida Lei 7/1985. Así mesmo de conformidade cos artigos 25.2.f) e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

SÉTIMA.- O órgano competente para a súa aprobación é o ALCALDE PRESIDENTE, titular da ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA, conforme ao acordo da XGL número 2/111, do día 26 de marzo de 2025 de delegación de competencias da Xunta de goberno local para a adopción e resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativo instruído e relativo á adhesión ao "CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025".

FOMENTO

MJL/ipg

Refª: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

Por todo o anteriormente exposto, conforme ao acordo da XGL número 2/111, do día 26 de marzo de 2025 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración, asinado o día 4 de marzo de 2025, entre A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025, o cal se aproba xunto cos seus Anexo I e ANEXO II, sendo estes do seguinte teor:

“CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025

REUNIDOS

Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes que en virtude do seu nomeamento por Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 15 de novembro de 2023.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, conforme ao disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que a Fegamp ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das entidades locais ante outras Administracións Públicas, segundo o disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos, e goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

Terceiro.- Que de conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E a Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9

FOMENTO

MJL/ipg

Refª: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Cuarto.- Que a Xunta de Galicia, con motivo da problemática xerada polo avance da avespas asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o ano 2020, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa velutina realizáronse, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola entón denominada Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a Fegamp, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa velutina no territorio galego coa colaboración dos 285 concellos adheridos, ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

O 10 de marzo de 2021, á vista dos bos resultados acadados, a entón denominada Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp asinaron un novo convenio co obxecto de establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas e acadar unha maior eficacia na retirada e neutralización de niños Vespa velutina ao longo dese ano. Proba da boa acollida desta iniciativa, foi o feito de que se mantiveron adheridos os 285 concellos do ano 2020 e se sumaron 15 máis, polo que a Xunta estivo actuando, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (en diante Seaga), nun total de 300 concellos, é dicir, o 96% do total.

No ano 2022 renovouse o encargo a Seaga e non soamente se mantiveron adheridos os 300 concellos do ano 2021, senón que se sumaron 6 máis, polo que

a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, nun total de 306 concellos, o 98% do total.

No ano 2023 renovouse o encargo a Seaga e se sumaron 5 concellos máis, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, nun total de 311 concellos, o 99,36% do total.

No ano 2024 volveuse a renovar o encargo a Seaga e se sumaron os 2 concellos restantes, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, na totalidade dos 313 concellos.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados logrados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos, asíñase este convenio para continuar en 2025 coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da entón denominada Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp, incorporando á totalidade dos 313 concellos galegos, que manifestaron á súa vontade de manter a adhesión a este programa.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2025, en base ás seguintes:

CLAÚSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2025 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a administración local de Galicia, incluíndo as

FOMENTO

MJL/ipg

Refº: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral de todas as entidades locais galegas, que manifestaron a súa vontade de manterse adheridas no ano 2025, coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo tamén repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

Todas entidades locais galegas, que se relacionan no Anexo I, deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do protocolo do Anexo II no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

Cuarta. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Fegamp.

Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia mediante a correspondente addenda.

Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Sétima. Coordinar a execución do programa

A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

Potenciar o portal de internet “Eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina.

- 1. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.*
- 2. Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:*
 - o Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.*
 - o Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

Neste tempo de resolución non contabilizarán cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou

FOMENTO

MJL/tpg

Refº: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- o Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.*

CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN

Oitava. Facilitar a execución do programa

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as entidades locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométense a:

- o Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.*
- o Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa velutina da Xunta de Galicia.*

CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP

Novena. Informar para facilitar a execución do programa

Coordinarse coa administración da comunidade autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixilancia e control da Vespa velutina da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.*
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.*
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.*
- As propostas de modificación do presente convenio.*
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.*

CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO

Décimo primeira. Financiamento

A administración da comunidade autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da Vespa velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice

CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Décimo segunda. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio.

FOMENTO

MJL/ipg

Refª: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta. Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data que se consigna na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
Presidente da Fegamp

D. Diego Calvo Pouso
D. Alberto Varela Paz

ANEXO I

CONCELLOS ADHERIDOS NO ANO 2024 E QUE MANIFESTAN O SEU
INTERESE EN CONTINUAR ADHERIDOS NO ANO 2025

<i>Abadín</i>	<i>Barbadás</i>	
<i>Abegondo</i>	<i>Barco de Valdeorras, O</i>	<i>Cabanas</i>
<i>Agolada</i>	<i>Barreiros</i>	<i>Caldas de Reis</i>
<i>Alfoz</i>	<i>Barro</i>	<i>Calvos de Randín</i>
<i>Allariz</i>	<i>Beade</i>	<i>Camariñas</i>
<i>Ames</i>	<i>Beariz</i>	<i>Cambados</i>
<i>Amoeiro</i>	<i>Becerreá</i>	<i>Cambre</i>
<i>Antas de Ulla</i>	<i>Begonte</i>	<i>Campo Lameiro</i>
<i>Aranga</i>	<i>Bergondo</i>	<i>Cangas</i>
<i>Arbo</i>	<i>Betanzos</i>	<i>Cañiza, A</i>
<i>Ares</i>	<i>Blancos, Os</i>	<i>Capela, A</i>
<i>Arnoia, A</i>	<i>Boborás</i>	<i>Carballeda de Avia</i>
<i>Arteixo</i>	<i>Boimorto</i>	<i>Carballeda de</i>
<i>Arzúa</i>	<i>Boiro</i>	<i>Valdeorras</i>
<i>Avión</i>	<i>Bola, A</i>	<i>Carballedo</i>
<i>Baiona</i>	<i>Bolo, O</i>	<i>Carballiño, O</i>
<i>Baleira</i>	<i>Boqueixón</i>	<i>Carballo</i>
<i>Baltar</i>	<i>Bóveda</i>	<i>Cariño</i>
<i>Bande</i>	<i>Brión</i>	<i>Carnota</i>
<i>Baña, A</i>	<i>Bueu</i>	<i>Carral</i>
<i>Baños de Molgas</i>	<i>Burela</i>	<i>Cartelle</i>
<i>Baralla</i>	<i>Cabana de Bergantiños</i>	<i>Castrelo de Miño</i>

FOMENTO

MJL/ipg

Refº: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

<i>Castrelo do Val</i>	<i>Cospeito</i>	
<i>Castro Caldelas</i>	<i>Covelo</i>	<i>Gondomar</i>
<i>Castro de Rei</i>	<i>Crecente</i>	<i>Grove, O</i>
<i>Castroverde</i>	<i>Cualedro</i>	<i>Guarda, A</i>
<i>Catoira</i>	<i>Culleredo</i>	<i>Gudiña,</i>
<i>Cedeira</i>	<i>Cuntis</i>	<i>A Guitiriz</i>
<i>Cee</i>	<i>Curtis</i>	<i>Guntín</i>
<i>Celanova</i>	<i>Dodro</i>	<i>Illa de Arousa</i>
<i>Cenlle</i>	<i>Dozón</i>	<i>Incio, O</i>
<i>Cerceda</i>	<i>Dumbría</i>	<i>Irixo, O</i>
<i>Cerdedo –</i>	<i>Entrimo</i>	<i>Irixoa Lalín Lama, A</i>
<i>Cotobade</i>	<i>Esgos</i>	<i>Láncara</i>
<i>Cerdido</i>	<i>Estrada, A</i>	<i>Laracha,</i>
<i>Cervantes</i>	<i>Fene</i>	<i>A Larouco</i>
<i>Cervo</i>	<i>Ferrol</i>	<i>Laxe</i>
<i>Chandrexa de Queixa</i>	<i>Fisterra</i>	<i>Laza</i>
<i>Chantada</i>	<i>Folgoso do Courel</i>	<i>Leiro</i>
<i>Coirós</i>	<i>Fonsagrada, A</i>	<i>Lobeira</i>
<i>Coles</i>	<i>Forcarei</i>	<i>Lobios</i>
<i>Corcubión</i>	<i>Fornelos de Montes</i>	<i>Lourenzá</i>
<i>Corgo, O</i>	<i>Foz</i>	<i>Lousame</i>
<i>Coristanco</i>	<i>Frades</i>	<i>Lugo</i>
<i>Cortegada</i>	<i>Friol</i>	<i>Maceda</i>
<i>Coruña, A</i>	<i>Gomesende</i>	

<i>Malpica de Bergantiños</i>	<i>Monterroso</i>	<i>Ortigueira</i>
<i>Manzaneda</i>	<i>Moraña</i>	<i>Ourense</i>
<i>Mañón</i>	<i>Mos</i>	<i>Ourol</i>
<i>Marín</i>	<i>Mugardos</i>	<i>Outeiro de Rei</i>
<i>Maside</i>	<i>Muiños</i>	<i>Outes</i>
<i>Mazaricos</i>	<i>Muras</i>	<i>Oza-Cesuras</i>
<i>Meaño</i>	<i>Muros</i>	<i>Paderne</i>
<i>Meira</i>	<i>Muxía</i>	<i>Paderne de Allariz</i>
<i>Meis</i>	<i>Narón</i>	<i>Padrenda</i>
<i>Melide</i>	<i>Navia de Suarna</i>	<i>Padrón</i>
<i>Melón</i>	<i>Neda</i>	<i>Palas de Rei</i>
<i>Merca, A</i>	<i>Negreira</i>	<i>Pantón</i>
<i>Mesía</i>	<i>Negueira de Muñiz</i>	<i>Parada de Sil</i>
<i>Mezquita, A</i>	<i>Neves, As</i>	<i>Paradela</i>
<i>Miño</i>	<i>Nigrán</i>	<i>Páramo, O</i>
<i>Moaña</i>	<i>Nogais, As</i>	<i>Pastoriza, A</i>
<i>Moeche</i>	<i>Nogueira de Ramuín</i>	<i>Pazos de Borbén</i>
<i>Mondariz</i>	<i>Noia</i>	<i>Pedrafita do Cebreiro</i>
<i>Mondariz-Balneario</i>	<i>Oia</i>	<i>Pereiro de Aguiar, O</i>
<i>Mondoñedo</i>	<i>Oímbra</i>	<i>Peroxa, A</i>
<i>Monfero</i>	<i>Oleiros</i>	<i>Petín Pino, O Piñor</i>
<i>Monforte de Lemos</i>	<i>Ordes</i>	<i>Pobra de Trives, A</i>
<i>Montederramo</i>	<i>Oroso</i>	<i>Pobra do Brollón, A</i>
<i>Monterrei</i>		<i>Pobra do Caramiñal, A</i>

FOMENTO

MJL/tpg

Refª: ispac1869008991089079479.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO FEGAMP VESPA VELUTINA ano 2025

<i>Poio</i>	<i>Rianxo</i>	<i>Santa Comba</i>
<i>Pol Pontearreas</i>	<i>Ribadavia</i>	<i>Santiago de Compostela</i>
<i>Ponte Caldelas</i>	<i>Ribadeo</i>	<i>Santiso</i>
<i>Ponteceso</i>	<i>Ribadumia</i>	<i>Sanxenxo</i>
<i>Pontecesures</i>	<i>Ribas de Sil</i>	<i>Sarreaus</i>
<i>Pontedeume</i>	<i>Ribeira</i>	<i>Sarria</i>
<i>Pontedeva</i>	<i>Ribeira de Piquín</i>	<i>Saviñao, O</i>
<i>Pontenova, A</i>	<i>Ríós</i>	<i>Silleda</i>
<i>Pontes de García</i>	<i>Riotorto</i>	<i>Sober</i>
<i>Rodríguez, As</i>	<i>Rodeiro</i>	<i>Sobrado</i>
<i>Pontevedra</i>	<i>Rois Rosal,</i>	<i>Somozas, As</i>
<i>Porqueira</i>	<i>O Rúa,</i>	<i>Soutomaior</i>
<i>Porriño, O</i>	<i>A Rubiá</i>	<i>Taboada</i>
<i>Portas</i>	<i>Sada</i>	<i>Taboadela</i>
<i>Porto do Son</i>	<i>Salceda de Caselas</i>	<i>Teixeira, A</i>
<i>Portomarín</i>	<i>Salvaterra de Miño</i>	<i>Teo</i>
<i>Punxín</i>	<i>Samos</i>	<i>Toén</i>
<i>Quintela de Leirado</i>	<i>Sandiás</i>	<i>Tomiño</i>
<i>Quiroga</i>	<i>San Amaro</i>	<i>Toques</i>
<i>Rábade</i>	<i>San Cibrao das Viñas</i>	<i>Tordoia</i>
<i>Rairiz de Veiga</i>	<i>San Cristovo de Cea</i>	<i>Touro</i>
<i>Ramirás</i>	<i>San Sadurniño</i>	<i>Trabada</i>
<i>Redondela</i>	<i>San Xoán de Río</i>	<i>Trasmiras</i>
		<i>Trazo</i>
		<i>Triacastela</i>

<i>Tui</i>	<i>Vimianzo</i>
<i>Val do Dubra</i>	<i>Viveiro</i>
<i>Valadouro, O</i>	<i>Xermade</i>
<i>Valdoviño</i>	<i>Xinzo de Limia</i>
<i>Valga</i>	<i>Xove</i>
<i>Vedra</i>	<i>Xunqueira de Ambía</i>
<i>Veiga, A</i>	<i>Xunqueira de</i>
<i>Verea</i>	<i>Espadañedo</i>
<i>Verín</i>	<i>Zas</i>
<i>Viana do Bolo</i>	
<i>Vicedo, O</i>	
<i>Vigo</i>	
<i>Vila de Cruces</i>	
<i>Vilaboa</i>	
<i>Vilagarcía de Arousa</i>	
<i>Vilalba</i>	
<i>Vilamarín</i>	
<i>Vilamartín de</i>	
<i>Valdeorras</i>	
<i>Vilanova de Arousa</i>	
<i>Vilar de Barrio</i>	
<i>Vilardevós</i>	
<i>Vilar de Santos</i>	
<i>Vilariño de Conso</i>	
<i>Vilarmaior</i>	
<i>Vilasantar</i>	

ANEXO II
PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data de de solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa velutina) e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)”

SEGUNDO.- Adoptar o compromiso de levar a cabo as tramitacións orzamentarias que procedan para dar cobertura o obxecto do convenio e asumir as obrigas e compromisos derivados do convenio con suxeición plena a todas as cláusulas do mesmo, a fin de dar cumprimento á vontade manifesta de adhesión formal e expresa a todas e cada unha delas.

TERCEIRO.- Notifica-la presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o exposto, en canto a interesados que non teñan condición de autoridades ou organismos públicos, e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, artigo 124 da mesma Lei.

Cúmprase